

## **Asunto: PLAN DE FORMACIÓN 2019 PARA O PAS**

Contribuíndo a unha administración máis eficiente, a formación configúrase como un instrumento fundamental nunha organización que considera como vectores básicos da súa actuación a responsabilidade social, a orientación ás persoas usuarias, a mellora do clima laboral e, dun xeito concreto e específico, a oferta de oportunidades concretas e reais de desenvolvemento profesional do seu persoal.

Neste sentido considérase esencial coñecer e recoller as necesidades e expectativas do PAS, e facelo dunha forma sinxela e directa, razón pola que se solicita a súa colaboración para elaborar entre todos o Plan de Formación do PAS 2018. Para formular e facer chegar as súas propostas, pode utilizar o modelo dispoñible no seguinte enlace: <https://www.uvigo.gal/universidade/administracion-persoal/pas/mellora-tua-formacion>, a través do correo electrónico do Servizo de PAS: [formacionpas@uvigo.es](mailto:formacionpas@uvigo.es). Cómpre salientar que para que podan ser analizadas e, no seu caso, aprobadas pola Comisión de Formación é preciso que se cubra cada ficha do xeito máis completo posible.

Tamén procede informar que o plan anual de formación ten carácter flexible, polo que tamén poden ser tomadas en consideración as propostas que se reciban en calquera outro momento, antes ou despois da súa aprobación, seguindo o procedemento anterior.

Por outra parte, xunto a esta canle, pódese participar presentado propostas a través do seu ou da súa responsable ou xefa/e, nestes mesmos prazos.

Para aclaracións e dúbidas poden dirixirse ao Servizo de PAS (986 818 606 e 986 813 804 ou [formacionpas@uvigo.es](mailto:formacionpas@uvigo.es))

Raquel María Souto García  
Xerenta da Universidade de Vigo